



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR DE INFORMÁTICA

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e **só** unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.
- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. Segundo a terminación, indique a palabra incorrecta:
 - A) Mariño.
 - B) Ultramariño.
 - C) Campesiño.
 - D) Veciño.

2. Sinale a frase correcta:
 - A) Puxéronnos un labor duro.
 - B) Poñéronnos unha labor dura.
 - C) Puxéronnos unha lavor dura.
 - D) Puxéronnos unha labor dura.

3. Sinale a serie correcta:
 - A) Móbil, vasoira, avoa, covarde, deber.
 - B) Móbil, vasoira, avoa, cobarde, deber.
 - C) Móvil, vasoira, avoa, cobarde, deber.
 - D) Móvil, vasoira, avoa, covarde, dever

4. Escolla a frase correcta:
 - A) Che busquei traballo en súa empresa.
 - B) Busqueite traballo na súa empresa.
 - C) Busqueiche traballo na súa empresa.
 - D) Te busquei traballo na súa empresa.

5. Escolla a definición correcta de "morno":
 - A) Causa, motivo.
 - B) Estado patolóxico, enfermidade.
 - C) Metal brando e pesado.
 - D) Tépedo, nin frío nin quente.

6. Marque o plural incorrecto das seguintes series:
 - A) Abdominal-Abdominais.
 - B) Rectal-Rectais.
 - C) Cirurxián-Cirurxianos.
 - D) Drenaxe-Drenaxes.

7. Marque o número e a persoa correcta da forma verbal andaredes (verbo: andar):
 - A) Segunda persoa, plural.
 - B) Primeira persoa, plural.
 - C) Segunda persoa, singular.
 - D) Terceira persoa, plural.

8. Cal é o feminino de "ancián" (escolla a opción correcta)?
 - A) Anciá.
 - B) Anciana.
 - C) A ancián.
 - D) Ningunha é correcta.

9. Sinale a opción incorrecta:

- A) O traxe.
- B) A costume.
- C) A orde.
- D) O lume.

10. Definición de andazo:

- A) Persoa que anda moito.
- B) Epidemia leve.
- C) Animal mariño.
- D) Anaco.

11. Sinale a frase correcta:

- A) A estudante de doctorado presentou a súa tesis perante o tribunal.
- B) A estudante de doutoramento presentou a súa tesis ante o tribunal.
- C) A estudante de doutoramento presentou a súa tese perante o tribunal.
- D) A estudante de doutoramento presentou a súa tesis perante o tribunal.

12. Cal das seguintes non é correcta en galego?

- A) Avó.
- B) Voda.
- C) Avogado.
- D) Móvil.